



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 12 DE XULLO DE 2013.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

Non asiste e se escusa:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 12 de xullo de 2013, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN PARCIAL DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE S-03 ARS-03, NO LUGAR DE O CAMPO. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, sinalando que o asunto que se trae hoxe ao Pleno xa foi obxecto de estudo na Comisión Informativa de seguimento do PXOM.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“En data 22/02/2013 D. Manuel García Gómez, en nome e representación da entidade “Carpintería Ramón García, S.L.” presenta Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-03 ARS-03, do Plan Xeral de Ordenación Municipal, no lugar de O Campo, parroquia de Mesía, redactado polo arquitecto D. Alejandro Arias Novas. En dito Plan Parcial establécese como sistema de actuación o sistema de concerto.

En data 19/03/2013 o interesado presenta documentación relativa á representación da sociedade así como escrituras acreditativas da propiedade de parcelas incluídas no ámbito do Plan.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En data 22/03/2013 o interesado presenta documentación acreditativa da propiedade de máis do 50% da superficie do ámbito do Plan Parcial.

En data 10/04/2013 o interesado presenta nova documentación do Plan Parcial.

En data 24/04/2013 o interesado presenta Anexo de correccións do Plan Parcial en base as determinacións do informe dos servizos técnicos municipais.

En data 26/04/2013 o interesado presenta un Anexo xustificativo de superficies do ámbito do Plan Parcial.

En data 30/04/2013 de abril os servizos técnicos municipais informan favorablemente o Plan Parcial.

En data 2/05/2013, por decreto da alcaldía, apróbase inicialmente Plan Parcial do sector de solo urbanizable delimitado S-03 ARS-03, acordándose abrir un período de información pública polo prazo dun mes, e recabar das administracións públicas competentes os informes sectoriais preceptivos, Augas de Galicia e Servizo de Infraestruturas, ambos da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Xunta de Galicia.

Publicáronse anuncios de información pública no Diario Oficial de Galicia nº 87, de 7 de maio de 2013, e nos xornais El Correo Gallego e La Voz de Galicia de data 6 de maio de 2013.

Durante o trámite de información pública presentouse unha alegación por D. Antonio Sánchez Carro en data 7/06/2013.

En data 20/06/2013 recíbese informe favorable ao Plan Parcial da Axencia Galega de Infraestruturas, da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Xunta de Galicia.

En data 1/07/2013 recíbese informe favorable ao Plan Parcial da Subdirección Xeral de Dominio Público Hidráulico, de Augas de Galicia, da Consellería de Medio ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Xunta de Galicia.

En data 3/07/2013 o interesado presenta catro exemplares do documento refundido do Plan Parcial para a súa aprobación definitiva.

En data 5/07/2013 os servizos técnicos municipais informan favorablemente o Plan Parcial. Así mesmo informan desfavorablemente a alegación presentada, segundo o informe que, de seguido, se transcribe:

“Resumo do contido da alegación: O Plan Parcial debe respectar o Plan Xeral. O Plan Xeral do Concello de Mesía foi impugnado ante o Tribunal Superior de Xustiza en canto ao sector de solo urbanizable no lugar de O Campo, considerando que se trata dunha reserva de dispensación. Existencia de sentenza que confirma acordos de reposición da legalidade e demolición das naves industriais sitas no ámbito do Plan Parcial. Estase a tramitar un expediente de reposición da legalidade urbanística nese ámbito. Solicita anulación de actuacións, denegación da tramitación do Plan e suspensión da tramitación do Plan.

Resposta: O Plan Parcial respecta as determinacións contidas no Plan Xeral referentes ao sector S-03 ARS 03 no lugar de O Campo. No propio Plan Xeral se establece que o obxectivo do Plan Parcial é a regularización das actividades existentes. A sentenza a que se refire o alegante confirma unha resolución da Axencia de Protección Legalidade Urbanística da Xunta de Galicia, resultando que a propia Axencia requiriu ao concello a adopción de medidas de protección da legalidade urbanística no ámbito de solo urbanizable S-03. A estes efectos, o concello está tramitando o correspondente expediente de reposición da legalidade urbanística, o que é compatible coa tramitación do Plan Parcial. Por outra banda, a interposición dun recurso non suspende nin a vixencia nin a obrigatoriedade do cumprimento do Plan Xeral, tanto para a Administración como para os particulares.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Conclusión: infórmase desfavorablemente a alegación. O arquitecto, Asdo./ Luís Couto González"

Visto o que antecede, e de conformidade cos artigos 89.2 e 92 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 22.2.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, visto o informe de secretaría incorporado ao expediente, e visto o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar a alegación presentada por D. Antonio Sánchez Carro en base ao informe técnico que se transcribe nos antecedentes do presente acordo.

SEGUNDO. Aprobar definitivamente o Plan Parcial do sector de solo urbanizable S-03 ARS-03, no lugar de O Campo, que desenvolve o Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello, tramitado a instancia de D. Manuel García Gómez, en nome e representación da entidade "Carpintería Ramón García, S.L.", e redactado polo arquitecto D. Alejandro Arias Novas.

TERCEIRO. Comunicar á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio o presente acordo, dándolle traslado de dous exemplares dilixenciados do Plan Parcial aprobado definitivamente.

CUARTO. Publicar o presente acordo de aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia no prazo dun mes, e o documento que conteña a normativa e as ordenanzas, no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO. Contra o presente acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do último dos anuncios citados no parágrafo anterior, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Mesía, 9 de xullo de 2013. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

Pregunta o Sr. Alcalde se alguén quere facer algunha manifestación ao respecto. Non habendo máis intervencións, sometese a votación a proposta, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e vinte minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario – Interventor, certifico.

Visto e Prace,